



## Retallos de mundo: Espazos abandonados e espazos reinventados

16 de febreiro 2025 [Xesús Constela](#)

[https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-mundo-espazos-abandonados-reinventados\\_503511\\_102.html](https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-mundo-espazos-abandonados-reinventados_503511_102.html)

Sempre sentín atracción polos **edificios abandonados** e, vaia por onde vaia, resúltame moi doado atopar algún lugar que coñeceu tempos mellores e agora está apenas ocupado por un aire enchoupado de decadencia, pero aínda me atraen máis esas edificacións que levaban tempo **desocupadas** e case esquecidas e nalgún afortunado momento foron **reinventadas** para poderen ser de novo usadas pola cidadanía.

Na cidade estadounidense de **Buffalo**, ao norte do estado de **Nova York**, nas beiras do **lago Erie**, na fronteira con **Canadá**, tiven a oportunidade de visitar unha colosal **estación de ferrocarril** abandonada coñecida como **Buffalo Central Terminal**, que estivo activa dende **1929** até **1979**, ano en que foi pechada pola drástica diminución do tráfico ferroviario en todos os **Estados Unidos** debida ao abandono do tren por parte duns viaxeiros que se decantaron pola modernidade e a rapidez que lles ofrecía a **aviación**.

A parte máis fermosa da **Central Terminal**, na actualidade en estado de absoluto abandono e só utilizada para a celebración de algún que outro evento, é o seu enorme edificio de estilo **art déco** de nada menos que dezasete andares, que foi inaugurado o vinte e dous de xuño de **1929** cunha festa para máis de **dous mil convidados**, reunidos para dar a benvida ao **Empire State Express**, un tren procedente da cidade de **Nova York**, a máis de **setecentos quilómetros**, e dende ese momento a estación nunca deixou de medrar até chegar a ter **mil cincocentos empregados**, encargados de xestionar unha máis que importante afluencia de pasaxeiros e un intenso **tráfico de mercadorías**.

Pero logo do seu peche, a fastosa terminal ficou para sempre **abandonada** e mesmo se falou da súa demolición, que por sorte non se produciu, porque en **1997** unha organización sen ánimo de lucro comprou o edificio pola simbólica cifra **dun dólar** e comprometeuse a restauralo cos cartos obtidos pola organización de eventos como o que me levou a min até o lugar, o **Shelton Brothers' Festival**, unha feira internacional de **cervexas e sidras artesás** organizada por unha empresa que, até o seu peche no ano **2020**, era coñecida nos **Estados Unidos** pola importación de produtos de alta calidade procedentes do mundo enteiro.

A **Buffalo Central Terminal** pareceume un recinto moi interesante por estar cargado de reminiscencias dun pasado esplendoroso, co seu **vestíbulo decorado con bronce e mármore** e con paredes cheas de **grandes fiestras**, coas súas numerosas **billeteiras**, algunha das cales aínda conservaba papeis impresos cos horarios dos trens pegados no cristal, co seu **reloxo** para sempre parado nunha mesma hora e coas súas **plataformas e vías** silenciosas e baleiras nas que medraran herbas e pequenas matogueiras que daban unha boa idea do tempo que levaban sen usarse.

Outro lugar abandonado que deixou unha fonda pegada en min descubríno na cidade catalá de **Sant Adrià de Besós**, limítrofe con **Barcelona**, onde seguen en pé os restos dunha antiga central térmica clausurada no ano **2011**, logo de estar en funcionamento dende **1973**.

Trátase dunha enorme estrutura de **formigón armado** que sempre suscitara unha forte **oposición veciñal** por acoller unha industria altamente contaminante que provocaba a coñecida como **choiva negra**, unha precipitación **altamente tóxica** e moi perigosa tanto para a saúde humana como para o medio ambiente.

As tres imponentes chemineas da antiga central, de **douscentosdesafiantes metros de altura**, erguidas na marxe esquerda da desembocadura do **río Besós**, e a súa inmensa nave de turbinas cambiaron para sempre a paisaxe desa zona da costa barcelonesa e na actualidade seguen en pé tras seren declaradas **ben de interese cultural**, pero o acceso ás instalacións estivo totalmente prohibido até que no ano **2024** foron escollidas para acoller unha das sedes da **Manifesta 15**, a prestixiosa bienal europea de **arte contemporánea**, e foi nese momento cando puideron acceder ao seu interior para visitar a exposición **Imaxinando Futuros**.

Foi un deses momentos difíciles de esquecer, porque me permitiu pasear con toda a calma do mundo entre obras de **grandes artistas contemporáneos** instaladas ao longo de todo o esqueleto da antiga central térmica, que exhibía, sen vergoña ningunha, o seu xigantesco e algo **fantasmagórico interior**, no que aínda seguía instalado o poderoso **guindastre** que no pasado se movía polo altísimo teito dunha colosal sala de turbinas.

A visita deste recinto tróuxome á mente en todo momento a antiga **central eléctrica de Bankside**, á beira do **río Támes**e, na cidade de **Londres**, que quedou en desuso en **1981** e estivo abandonada até que foi reconvertida en flamante sede da **Tate Modern**, o magnífico **Museo Nacional Británico de Arte Moderna**, inaugurado no ano **2000**, un lugar que me parece un excelente exemplo de como unha vella ruína industrial pode transformarse nun espazo cargado de futuro.

O edificio actual, considerado un modelo de **mellora de zonas degradadas**, foi rehabilitado de xeito que se preservou o carácter industrial da súa enorme nave de turbinas e se conservou a súa maxestosa **cheminea cadrada**, que no momento da construción, no ano **1947**, por orde governamental, viu a súa altura limitada a **noventa e nove metros** para que non puidese superar a da **cúpula da catedral de Saint Paul**, na beira oposta do **Támes**e, que se alza a **cento once** dende o chan.

Outro lugar redefinido que me causou un impacto máis que grato atopeino nas aforas da cidade de **Bordeos**, nunha antiga **base de submarinos** que estivo operativa durante a **Segunda Guerra Mundial** e foi unha das cinco que construíron os alemáns na **costa atlántica francesa** durante os anos da ocupación do país.

Trátase dun **xigantesco búnker** de formigón armado de **corenta e dous mil metros cadrados** de superficie, equivalentes a **seis campos de fútbol**, construído no ano **1940** por prisioneiros de moitos países, que ten teitos de **sete metros de grosor** deseñados para poderen resistir os **bombardeos aliados**, e no seu interior acolle **catro dársenas** e **sete diques** onde até **quince submarinos** de gran tamaño podían entrar para seren reparados e reabastecidos ao mesmo tempo, ademais dunha longa **vía de tren** que o percorre de lado a lado, unha chea de almacéns e mesmo unha **central eléctrica** que estivo en uso até que o día vinte e cinco de agosto de **1944**, xusto antes da liberación da cidade de **Bordeos**, o interior do edificio foi dinamitado e ficou abandonado, á espera dunha posíbel demolición que nunca chegou a se producir.

Cando eu a visitei, a antiga base xa estaba reconvertida en **lugar de exposicións**, e na actualidade acolle un espazo polivalente de creación e difusión artística coñecido como **Les Bassins des Lumières**, os **Estanques das Lucas**, onde, entre outras actividades, desenvólvense fascinantes **espectáculos de luz** e son con abraiante proxeccións en **trescentos sesenta graos** sobre as paredes e a auga, unha fermosa iniciativa para recuperar un edificio abandonado e cun pasado un tanto sinistro.

Tamén me parece moi interesante a transformación que experimentou o **antigo matadoiro industrial e mercado municipal de gando** de **Madrid**, que ocupaba nada menos que **corenta e oito edificios** de arquitectura **neomudéxar** en solares situados na antiga **Dehesa de Arganzuela**, no actual barrio de **Legazpi**.

O enorme complexo, que nos anos posteriores á **Guerra Civil** tamén foi utilizado como desgraciado e vergoñento centro de **reclusión de mendigos**, foi inaugurado en **1924** e nunca deixou de funcionar, con algúns momentos esporádicos de inactividade, até a súa clausura definitiva no ano **1996** por mor dos **problemas de hixiene** que xeraba nunha cidade que non paraba de medrar.

E estivo practicamente abandonado, só con algúns dos seus edificios utilizados para albergar diversas dependencias do **Concello de Madrid**, até que no ano **2007** volveu abriuí as súas portas, felizmente transformado no moderno centro cultural de **El Matadero**, dedicado á **arte contemporánea**, que contén unha interesante **central de deseño**, unha sala de teatro, un gran auditorio, unha **factoría cultural**, unha sala de cinema, unha casa do lector, unha **cineteca** e unha hemeroteca visual de películas de non ficción, ademais de varios espazos para exposicións, congregado todo nun espazo remodelado con moito acerto, grazas a un deseño arquitectónico interior moi moderno que soubo **respectar o pasado industrial** do complexo.

Sempre vin os **espazos abandonados** como ecos do pasado que parecen estar a agardar unha **segunda oportunidade**. Por iso, cando son **reinventados**, non só recobran unha **vella utilidade perdida**, senón que renacen e acadan **novos significados**, coma se as súas deterioradas estruturas volvesen **respirar de novo**, de tal xeito que o que parecía para sempre esquecido pode atopar un **novο lugar no presente**.

[Xesús Constela](#)